Entre as principais demandas cabe salientar que a proposta imposta pola xerencia supón un evidente retroceso no respecto aos dereitos de maternidade estipulados internacionalmente. Así, elimínase a única sala de parto natural, redúcense as salas de dilatación e van estar divididas unicamente por *mamparas* e cun espazo mínimo (ían ser cortinas e polas mobilizacións anunciaron mamparas como grande avance) e sen baño e auga corrente, é dicir falta de privacidade e de hixiene. O novo paritorio ten un só aseo sen ducha, destinado a dar servizo a varias salas de dilatación e o acceso a ducha vai estar compartido con outros servizos. Ao mesmo tempo non hai claridade sobre como vai poder ser a atención a situacións especialmente delicadas, como agresión sexuais e abortos, nin escollidos nin espontáneos ou necesarios por cuestións médicas, co que todo isto implica en termos de seguridade, privacidade e respecto na atención.

Colectivos profesionais como a Asociación Galega de Matronas volveu saír publicamente non só en contra do traslado senón alertando da desigualdade territorial en materia de dereitos das mulleres de Ourense. Así mesmo, a Comisión de Centro do CHUO tamén se manifestou en contra e é inaceptable ter que ver que moreas mulleres en avanzado estado de xestación teñen que estar mobilizándose e reclamando ao SERGAS e á Valedora do Pobo semanas e días antes dos seus partos, co que iso supón.





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Por que ocultou o goberno galego un novo derrube no Materno Infantil de Ourense?

Por que o goberno galego non negociou co persoal cos axentes sociais implicados o traslado da sala de partos do Materno Infantil de Ourense?

É consciente de que esa instalación que cualifica de “provisional” vai estar operativa anos?

Por que o goberno galego non respecta o cumprimento dos principios recollidos na Estratexia de Atención ao Parto Normal no Sistema Nacional de Saúde e da OMS?

Por que se elimina a única sala de parto natural?

Por que se reducen salas de dilatación?

Por que as mulleres de Ourense non teñen dereito a dilatar nunha sala digna, homologable a unha habitación e cun aseo e váter?

Por que non se prevé adecuadamente a atención a abortos e violencia sexual?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 24/07/2025 12:58:55



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2025 13:00:28
Nº Rexistro: 29548
Data envío: 24/07/2025 13:00:28.468

CSV: BOPGDSPG-HMQErfnb-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/07/2025 13:00:29



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2025 13:00:28
Nº Rexistro: 29548
Data envío: 24/07/2025 13:00:28.468

CSV: BOPGDSPG-HMQErfnb-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Cristina Fernández Davila, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a decisión da Consellaría de Educación, Ciencia, Universidades e FP de pechar sete centros educativos na Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado día 23 de xullo a Consellería de Educación anunciou aos medios de comunicación o peche de sete centros educativos por falta de alumnado, ao non acadar a súa matrícula o mínimo de 5 alumnos que ten estipulado.

Segundo informan, deixarán de funcionar os centros de Educación Infantil da Lagoa en Arteixo, o de Muros, o de Queiruga en Porto do Son e o de Romariz en Soutomaior, así como os colexios de Seráns en Porto do Son, de Castromil en Vimianzo e o de Negueira de Muñiz.

Nas últimas décadas o peche de centros escolares no rural galego están sendo unha sangría que deixa ser servizos básicos estas poboacións, facendo que a mocidade decida novamente migrar ás cidades deixando o interior do País nun claro abandono.

As políticas que está a desenvolver o Goberno do PP na Xunta de Galiza nada teñen que ver coa súa propaganda de apoio ao rural, nin teñen como obxectivo o asentamento poboacional do interior galego, senón non se explica as medidas que toma ano tras ano co peche de centros educativos, reducindo os servizos de Atención Primaria ou pechando incluso os centros de saúde, eliminando paradas ou liñas de autobús e minguando as súas frecuencias, entre outras.

Asinado o día 24/07/2025 ás
12:51
Por Cristina Fernández Davila





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Este ano, como nos anteriores, o Goberno do PP xustifica os peches na necesidade de adaptar o mapa escolar á evolución demográfica para o vindeiro curso escolar, advertindo que hai outras tres en serio perigo de peche, pero xa se ten demostrado en numerosas ocasións que as escolas rurais teñen unha matrícula irregular e se este curso apenas manteñen 5 alumnos/as, os vindeiros cursos ben poden acadar os 10 ou 12. Pechando as escolas non se da a posibilidade de recuperación do alumnado nin o asentamento de novas familias interesadas en vivir nos concellos máis pequenos.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

1.- Vai a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP, deixar de usar criterios numéricos para tomar a decisión do peche de escolas públicas e sí valorar a evolución poboacional do concello, a distancia que hai ao centro escolar máis próximo, así como o impulso da administración autonómica de políticas que animen ao asentamento de novas familias nas zonas máis despoboadas na Galiza?

2.- Vai a Consellería de Educación, paralizar a decisión de peche das escolas públicas anunciadas aos medios de comunicación antes de proceder á publicación no DOG do mapa educativo para o vindeiro curso escolar?

3.- Vai convocar ás comunidades educativas e aos concellos para, entre todos os afectados (admón. Autonómica e local, centros educativos, asociacións de pais e nais...), tomar as medidas necesarias para incentivar o asentamento poboacional nas zonas do interior galego, así como as da costa máis deshabitadas?

4.- Vai a Consellería de Educación deseñar unha campaña publicitaria para poñer en valor as unitarias e escolas públicas para poder seguir mantendo as máis cativas/os matriculadas no seu entorno familiar?





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2025 13:02:30
Nº Rexistro: 29554
Data envío: 24/07/2025 13:02:30.929

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 24/07/2025 12:51:38



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2025 13:02:30
Nº Rexistro: 29554
Data envío: 24/07/2025 13:02:30.929

CSV: BOPGDSPG-HMQErfnb-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/07/2025 13:02:31



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2025 13:02:30
Nº Rexistro: 29554
Data envío: 24/07/2025 13:02:30.929

CSV: BOPGDSPG-HMQErfnb-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2025 13:24:39
Nº Rexistro: 29563
Data envío: 24/07/2025 13:24:39.047

Asinado o día 24/07/2025 ás 13:22
Por Silvia Longueira (

Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Rodríguez Dacosta, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Este grupo parlamentario leva alertando dende o inicio da actual lexislatura da situación límite na que se atopa a área sanitaria de Ourense, Verín e Valdeorras, e especialmente o estado do Hospital Materno Infantil de Ourense.

A gravidade da situación non é nova. O 30 de decembro de 2023, nunha zona de traballo do paritorio onde había pacientes, produciuse un derrubamento do teito, sen que houbera que lamentar danos persoais, feito xa denunciado polo Grupo Parlamentario Socialista. Naquel momento, advertiamos das deficiencias na planta de obstetricia, con paredes desconchadas, xanelas deterioradas que filtran frío e calor, áreas de traballo inapropiadas, falta de despachos, baños e vestiarios, e condicións asistenciais claramente insuficientes.

O 22 de marzo de 2025, produciuse un segundo colapso parcial do falso teito na terceira planta do mesmo edificio. Esta segunda incidencia confirmou o que viñamos denunciando: o estado do edificio non garante a seguridade nin das pacientes nin do persoal sanitario.

E por se isto non fose suficiente, o 23 de xullo de 2025, apenas catro meses despois, volveu afundirse parte do falso teito no Hospital Materno Infantil. Estamos, por tanto, diante do terceiro derrubamento nun período de sete meses, sen que a Xunta de Galicia e o Sergas tomaran medidas efectivas nin asumiran responsabilidades.

Asinado o día 24/07/2025 ás 13:22
Por Elena Espinosa Mangana

Asinado o día 24/07/2025 ás 13:22
Por Carmen Rodríguez Dacosta

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

99273

28071 Madrid



Estes feitos poñen de manifesto unha inxustificable negligencia por parte do Goberno galego, que mantén en funcionamento unhas instalacións visiblemente deterioradas e potencialmente perigosas, mesmo despois de múltiples alertas, advertencias e denuncias públicas. A Consellería de Sanidade non só non ofrece explicacións convincentes, senón que segue sen asumir responsabilidades políticas nin técnicas, nin abrir investigacións rigorosas e públicas sobre o sucedido.

A situación resulta aínda máis grave se temos en conta que estas deficiencias afectan a un centro hospitalario que atende mulleres embarazadas, neonatos e crianzas, é dicir, a poboación máis vulnerable, e que as obras no novo edificio continúan sen avances visibles, prolongando indefinidamente a dependencia dunha infraestrutura obsoleta e perigosa.

Por todo o anterior, consideramos que chegou o momento de que o Goberno galego asuma responsabilidades, presente explicacións en sede parlamentaria, publique os informes técnicos existentes e poña en marcha un plan urxente de inspección, reparación e reubicación asistencial, garantindo a seguridade da cidadanía e do persoal sanitario.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Ten previsto o Goberno galego asumir responsabilidades políticas polos feitos acontecidos?
2. Que medidas adoptou o Goberno galego tras o primeiro e segundo derrubamento do teito no Hospital Materno Infantil de Ourense? Por que non se evitaron novos derrubos?
3. Que informe técnico ou auditoría estrutural se elaborou tras o último derrubamento do 23 de xullo de 2025? Vai a Xunta facer público ese informe?





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2025 13:24:39
Nº Rexistro: 29563
Data envío: 24/07/2025 13:24:39.047

4. Considera a Consellería de Sanidade axeitado manter en funcionamento unha infraestrutura que acumula tres incidentes moi graves en sete meses?
5. Cando prevé o Goberno galego rematar e abrir o novo edificio destinado a albergar a atención materno infantil en Ourense? Cal é o cronograma actualizado? Vai atender as demandas para o novo edificio das centrais sindicais e asociación de afectadas?
6. Vai a Xunta revisar de forma integral todas as infraestruturas sanitarias da área de Ourense, Verín e Valdeorras, ante o risco evidente de deterioro e falta de mantemento?

Santiago de Compostela, a 24 de xullo do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

99275

@PSdeG



28071 Madrid



Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 24/07/2025 13:22:00

Elena Espinosa Mangana na data 24/07/2025 13:22:07

Silvia Longueira Castro na data 24/07/2025 13:22:13



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2025 13:24:39
Nº Rexistro: 29563
Data envío: 24/07/2025 13:24:39.047

CSV: BOPGDSPG-HMQErfnb-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/07/2025 13:24:39



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2025 13:24:39
Nº Rexistro: 29563
Data envío: 24/07/2025 13:24:39.047

CSV: BOPGDSPG-HMQErfnb-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ariadna Fernández González, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o centro de saúde de Vila de Cruces e o consultorio de Merza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O concello de Vila de Cruces, encadrado na comarca do Deza-Tabeirós e Terra de Montes, conta con algo máis de 5.000 habitantes, cunha densidade poboacional de case 35 hab/km² e unha superficie de case 155 quilómetros cadrados.

Neste concello a asistencia sanitaria préstase en dúas localizacións diferentes, unha delas na propia vila, onde se sitúa o centro médico de Vila de Cruces e outra en Merza, cun pequeno consultorio, ambas as dúas instalacións con deficiencias que precisan ser corrixidas e melloras necesarias para o bo funcionamento do servizo sanitario.

Tanto no caso dos usuarios e usuarias e dos profesionais que desenvolven alí a súa labor, aclaran que é preciso que se actúe sobre as condicións do centro de saúde de Vila de Cruces, levando a cabo unha reforma que evite as humidades e as goteiras que nos meses de climatoloxía máis adversa afectan a distintas zonas do centro, coma son as salas de agarda dos doentes ou os aseos, por exemplo. A presenza de mofo e zonas do interior e os chans levantados e mollados son frecuentes no centro de saúde debido a esta situación de falla de mantemento das instalacións, dando lugar a unhas condicións de salubridade pouco desexables nun espazo que deba protexer a saúde de quen alí acode para recibir atención e que se estenden aos muros exteriores, nun mal estado





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

evidente. Así mesmo, a pasarela de entrada ao propio edificio supón un risco para as crianzas ao contar cunha varanda na que as barras deberan estar colocadas doutro xeito para non crear situacións de perigo para os mais pequenos, xa que a altura de dita pasarela de acceso é considerable de producirse unha caída.

Xa no interior do edificio, os propios profesionais demandan un mellor aproveitamento da sala de arquivos, que agora se atopa baleira e que é contigua a sala onde se atenden as urxencias, de moi pequeno tamaño e que causa dificultades á hora de levar a cabo dita atención aos doentes, de xeito que unindo a agora sala baleira con esta se disporía dun maior espazo que se podería usar de xeito mais proveitoso simplemente coa eliminación do tabique que as separa.

No referido ao consultorio situado en Merza, a falla de mantemento é tamén evidente, coa pintura das paredes en moi mal estado e cunha falla de iluminación que non é a adecuada nun edificio adicado a esta fin. Non menos importante é a falla de sinalización exterior do consultorio, que permita localizalo coa maior brevidade posible en caso de precisarse atención urxente.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

1. Considera a Xunta de Galiza que o estado de mantemento do centro de saúde de Vila de Cruces e do consultorio de Merza son os adecuados?
2. Prevé a Xunta de Galiza levar a cabo melloras nas instalacións do centor de saúde de Vila de Cruces e do consultorio de Merza?
3. Considera a Xunta de Galiza que a sala de atención ás urxencias do centro de saúde de Vila de Cruces é a axeitada para que os profesionais leven a cabo a súa labor nas mellores condicións posibles?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4. Considera a Xunta de Galiza que o carro de parada cardíaca que existe no centro de saúde de Vila de Cruces é o adecuado para o seu uso de ser preciso?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 24/07/2025 13:24:02



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2025 13:26:07
Nº Rexistro: 29567
Data envío: 24/07/2025 13:26:07.910

CSV: BOPGDSPG-HMQErfnb-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/07/2025 13:26:08



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2025 13:26:07
Nº Rexistro: 29567
Data envío: 24/07/2025 13:26:07.910

CSV: BOPGDSPG-HMQErfnb-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 6595**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Alexandra Fernández Gómez e dona Cristina Fernández Davila, sobre **"o estado xeral dos centros educativos públicos de Vigo en canto a accesibilidade, seguridade, habitabilidade e a outros problemas infraestruturais, así como sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno nesta materia e as vías de solución que prevé achegar"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 18887 e debatida na Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, o 15 de maio de 2025; á que nos remitimos porque ofrece información sobre as cuestións formuladas.

O debate pode ser consultado na seguinte ligazón:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZmVkYzk2NDUtZTViZS00MzcwLTkxZDQtZjQzOGJmZjlkYzlx&start=6268>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 23/07/2025 8:32:24



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 29434
Data envío: 23/07/2025 08:32:24.861

CSV: BOPGDSPG-HMQErfnb-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 614**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Iago Suárez Fernández, dona Montserrat Valcárcel Armesto e don Secundino Fernández Fernández, sobre **"a actuación da Xunta de Galicia ante o traslado desde Monforte de Lemos a Lugo do Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"Desde a aprobación da Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega, os consellos reguladores de Galicia pasaron a ter personalidade xurídica propia, baixo a fórmula de corporacións de dereito público. Esa lei dáballes xa unha ampla autonomía no seu funcionamento como entes xestores da correspondente denominación de orixe ou indicación xeográfica protexida, ou da produción ecolóxica, no caso do Craega.

A dita Lei 2/2005 quedou derogada coa aprobación da Lei 1/2024, do 11 de xaneiro, da calidade alimentaria de Galicia. Esta nova lei mantén a consideración xurídica dos consellos reguladores como corporacións de dereito público. O seu artigo 47.1 establece:

Os consellos reguladores do ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia terán personalidade xurídica de seu baixo a forma de corporacións de dereito público e gozarán de autonomía financeira e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins. Axustarán o seu funcionamento ao dereito privado, excepto cando exerzan potestades públicas, situación en que se rexerán polo dereito administrativo.

Por outra parte, mentres non se faga o correspondente desenvolvemento regulamentario desta nova lei, será de aplicación, en todo o que non a contradiga, o regulamento de desenvolvemento da lei de 2005, isto é, o Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro, polo que se regulan as denominacións xeográficas de calidade do sector alimentario e os seus consellos reguladores.

A normativa que acabamos de indicar, así como o regulamento de funcionamento do Craega, aprobado mediante a Orde da Consellería do Medio Rural do 3 de abril de 2009, dan unha ampla marxe de autonomía ao consello regulador, que debe axustar o seu funcionamento ao réxime de dereito privado excepto naquelas funcións de carácter público que realice.

A normativa citada regula a composición dos órganos de goberno do consello (con participación de todas os sectores implicados) e a forma en que debe tomar as decisións e acordos (sempre baixo os principios dun funcionamento democrático).

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Dito o anterior, a Xunta de Galicia nin pode nin debe actuar contra unha decisión do consello regulador tomada polos seus órganos de goberno democraticamente e de acordo co marco legal establecido.

A Consellería do Medio Rural trasladou ao Craega a opinión favorable a que a sede institucional do organismo permanecese en Monforte, independentemente de que puidese abrir oficinas noutros lugares, se iso fose adecuado para mellorar o seu funcionamento (en realidade, en Lugo xa viña tendo un local o Craega onde realiza o seu labor unha parte do seu persoal, veciños dese concello ou limitrofes). Mesmo, como sinalaremos máis adiante, ofrecéronse alternativas en locais propios da Consellería para paliar os problemas e inconvenientes que a sede do Multiusos de Monforte lle provocaba e para evitar así esta marcha.

Pero, como xa indicamos, esta é unha decisión que entra dentro das que pode adoptar con plena autonomía o consello regulador.

Obviamente, corresponde ao Craega (que é quen autonomamente toma a decisión) e non á Consellería do Medio Rural, negociar cos traballadores as compensacións que teña que aplicar para aqueles que, de ser o caso, teñan que desprazarse de Monforte a Lugo para ir traballar. Iso poderá concretarse en indemnizacións compensatorias, habilitación do teletraballo ou aquelas outras medidas que acorden as partes. Tamén cabe a posibilidade de que o Craega manteña algún traballador en Monforte, co que non tería que viaxar a Lugo. E tamén hai que ter en conta que unha parte do persoal do Craega ten a súa residencia en Lugo capital e arredores, e esas persoas saen beneficiadas co traslado.

Pero insistimos en que as alternativas tenas que negociar o Craega cos seus traballadores.

Non é certo que non actuase a Consellería do Medio Rural. Mesmo houbo unha visita do Conselleiro acompañado do Director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, para ensinar e ofrecer ao Craega dependencias no Centro de Formación Agroforestal de Monforte para instalarse alí.

Para o presidente do Craega esa podía ser unha boa opción se se completaba coa cesión do Pazo de Tor, propiedade da Deputación de Lugo, pero esa posibilidade non callou.

No seguinte enlace pódese ver unha noticia do pasado mes de marzo que documenta o que indicamos.

https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/somosagro/2024/03/16/xunta-ofrece-medios-craega-pide-tome-mueva-ficha/0003_202403M16C1991.htm

Polo tanto, a Consellería do Medio Rural tratou de que a sede do Craega se mantivese en Monforte, pero non pode interferir nas decisións que democraticamente adoite o sector a través dos seus representantes”.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/07/2025 9:53:48



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/07/2025 09:53:49
Nº Rexistro: 29286
Data envío: 22/07/2025 09:53:49.008

CSV: BOPGDSPG-HMQErfnb-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 999**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Sonia Vidal Lamas e dona Ariadna Fernández González, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia no que atinxe ao uso de probas máis precisas nas campañas de saneamento gandeiro"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"O coñecida como campaña de saneamento gandeiro consiste actualmente nun programa de erradicación e vixilancia da tuberculose bovina; da brucelose bovina, ovina e cabrúa; da leucose enzoótica bovina e da perineumonía contaxiosa bovina. En 2023 adicáronse 5,74 millóns de euros a esta campaña, en consonancia coa súa importancia para a saúde animal e humana (á marxe estarían outras doenzas coa mo a lingua azul, na que se investiron 2,4 millóns en 2023).

No caso de que os controis veterinarios detecten un casos sospeitosos de tuberculose, realízase un estudio epidemiolóxico individualizado para decidir o destino dos animais sospeitosos e as restriccións ás que deben someterse as explotacións. No caso de realizarse sacrificios obrigatorios, os gandeiros contan con *Indemnizacións polo sacrificio obrigatorio de animais en execución de programas e actuacións oficiais de vixilancia, loita, control e erradicación das súas enfermidades (procemento MR553C).*

Como resultado do bo traballo feito nos últimos anos, Galicia é oficialmente libre de tuberculose bovina en todo o seu territorio dende finais de 2021. Para tentar manter este situación, a Consellería do Medio Rural recomenda ós gandeiros se integren nunha asociación de defensa sanitaria gandeira (ADSG), co fin de levar a cabo programas sanitarios complementarios que dean maior seguridade ó status sanitario das explotacións. Así mesmo, tamén se recomenda que eviten, no posible, a entrada de gando doutras explotacións. En caso de facelo, é preferible mercar os animais en zonas libres de tuberculose como Galicia, en explotacións de confianza coas máximas garantías sanitarias".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/07/2025 9:53:43



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/07/2025 09:53:43
Nº Rexistro: 29285
Data envío: 22/07/2025 09:53:43,458

CSV: BOPGDSPG-HMQErfnb-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 1110**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta e dona Lara Méndez López, sobre **"o diagnóstico previo á actualización da lexislación sobre os montes veciñais en man común recollido no libro branco no que traballa o Goberno galego"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A necesidade de coñecer a situación dos Montes Veciñais en Man Común en referencia o seu grado de goberno, a administración e xestión e o seu réxime de usos e aproveitamentos ven recollida na lexislación de MVMC, tanto na lei 13/1989 como no seu desenvolvemento regulamentario, Decreto 260/1992, ambas normas vixentes:

A Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común establece no seu artigo 26 a creación do rexistro de MVMC coa finalidade de manter unha relación actualizada deles, da súa situación estatutaria así como dos actos de disposición aprobados. Amais, na DT5ª prevé un inventario xeral de MVMC no que conste a identificación dos mesmos. Isto está desenvolvido no mencionado Decreto.

O goberno galego aplicou este mandato lexislativo creando e mantendo o rexistro de montes veciñais en man común, no que constan estes datos e moitos outros que se foron incorporando en función das necesidades e avances que nos últimos anos se foron producindo. Este rexistro, que foi en certo modo fundacional e nuclear, serviu de base para a creación doutros que tamén recollen datos doutras tipoloxías de montes presentes na nosa comunidade autónoma. Amais, parte del é público e pode consultarse na Oficina virtual do Medio Rural.

No DECRETO 140/2021, do 30 de setembro, polo que se aproba a primeira revisión do Plan forestal de Galicia (PFG) 2021-2040, Cara á neutralidade carbónica entre as iniciativas de activación da xestión forestal privada inclúese a elaboración do informe obxecto da pregunta: Informe de situación administrativa e de xestión dos MVMC en Galicia, que estableza as limitacións clave para a boa gobernanza das CMVMC.

Neste informe detallarase forma específica a súa estrutura, estado, o cumprimento das súas obrigacións legais actuais ou futuras, grao de abandono da xestión e réxime de usos e aproveitamentos. Se ben o PFG establece no programa III.2.2. o quinquenio 21-25 para que o informe estea elaborado, o informe en gran medida está avanzado. Permitirá identificar as limitacións clave para a dinamización da boa gobernanza das CMVMC: extinción da comunidade, conflitos de lindes, conflitos

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



internos entre comuneiros, descapitalización e degradación derivada de incendios, pragas ou vendavais e existencia de convenios/consorcios con importante saldo debedor, entre outros. Parte desta información, nomeadamente o cumprimento das obrigas legais por parte das comunidades de montes, está dispoñible de xeito público, convintemente anonimizado.

O apartado segundo do Libro Blanco Aproximación á realidade actual dos MVMC contén un resume da situación actual dos Montes veciñais en man común que se considera suficientemente descritiva para o alcance do documento.

A proposta de inicio da revisión do marco normativo que regula os montes veciñais en man común foi tratada na reunión do Consello Forestal do 18 de xaneiro do 2022, como órgano consultivo e asesor da Administración Galega en materia forestal e canle para a participación pública e colaboración dos estamentos interesados da sociedade galega e da comunidade científica.

O Inicio desta revisión normativa foi incluída, co nº 53, entre as recomendacións do Ditame da Comisión especial non permanente de estudo e análise das reformas da política forestal, de prevención e extinción de incendios forestais e do plan forestal, e esta prevista igualmente no eixo VI, planificación, ordenación e gobernanza, dentro das Iniciativas para a Gobernanza do monte galego no programa de iniciativas de desenvolvemento normativo coa finalidade de adecuar a súa regulación á situación actual, establecendo que no quinquenio 2021-2025 deben aprobarse tanto a modificación da lei 13/1989 como o seo desenvolvemento regulamentario (Decreto 260/1992). Conforme a esta planificación iniciouse a revisión normativa da lexislación de montes veciñais en man común mediante un procedemento de consulta previa á elaboración do anteproxecto de Lei de modificación da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, recentemente a Conselleira do Medio Rural compareceu no pleno do martes día 11 de xuño onde entre outros compromisos anunciou o inicio da tramitación deste marco normativo conforme o planificado.

No momento de afrontar un proceso de reforma da normativa aplicable aos MVMC considerouse imprescindible abrir un período de reflexión e establecer unhas canles de participación pública solicitar achegas e opinións que redunden no acerto da reforma normativa.

Así durante a exposición pública que tivo lugar entre o 07/04/2022 e o 24/05/2022 no portal de transparencia da Xunta recibíronse 59 achegas a través do portal, entre as que se atopa a achega literal da disposición non de lei da organización Galega de Montes Veciñais, e 31 mais directamente enviadas á Consellería do Medio Rural tanto de particulares como de empresas, asociacións de empresarios, asociacións de deportes, sindicatos, asociacións de veciños, grupos ecoloxistas, concellos etc. A diversidade de persoas que se sentiron concernidas no proceso amosa o interese social que espertan os montes veciñais e o carácter transversal desta regulación que pode afectar a moi diferentes actividades económicas, recreativas, e mesmo culturais.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Por todo iso, elaborouse o Libro Branco que se presentou ao Consello Forestal con data 23/6/2023 como un documento de traballo estratéxico como o punto de partida para abrir unha fase de reflexión conxunta sobre a reforma lexislativa dos MVMC, tralo consello abriuse un prazo para que os seus membros formulasen observacións ao libro branco recibíndose 13 achegas mais. Ante todo trátase dun documento de traballo que serve para recoller unha gran disparidade de formulacións sobre a figura do monte veciñal en man común e se tomou como punto de partida para a elaboración ao longo deste ano do borrador de anteproxecto de lei que será presentado ao Consello Forestal como documento de partida sobre o que debater co sector e demais actores implicados. E someterase posteriormente a exposición pública en cumprimento da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, para finalmente iniciar a tramitación parlamentaria ao longo do ano 2025 e dar cumprimento así ao compromiso fixado no Plan forestal de Galicia (PFG) 2021-2040, Cara á neutralidade carbónica de tela aprobada no quinquenio 2021-2025".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 23/07/2025 8:28:52



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 29423
Data envío: 23/07/2025 08:28:52.444

CSV: BOPGDSPG-HMQErfnb-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 1117**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta e dona Lara Méndez López, sobre **"as causas da infrautilización da madeira de frondosas caducifolias en Galicia"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"As necesidades de mellora das cortas de madeira de frondosas caducifolias en Galicia pode atribuírse a varios factores clave. En 2022, as cortas de frondosas en terreos de xestión privada ascenderon a 283.410 m³, representando só un 2,63% do total das cortas. Ademais, os volumes medios de corta en frondosas son de entre 3-7 m³ por solicitude, moito máis baixos que os volumes medios de corta de coníferas, que alcanzan os 86 m³ por solicitude, e de eucalipto, con 120 m³ por solicitude. Outro factor é a falta de xestión axeitada. A silvicultura orientada á obtención de pés de suficiente diámetro e sen defectos é limitada, o que resulta en madeira de menor calidade e, polo tanto, menor valor de mercado. Ademais, a comparación con países do centro de Europa, como Francia, onde as taxas de aproveitamento e os prezos da madeira de frondosas son netamente superiores.

O sector forestal en Galicia destaca por un volume significativo de cortas noutras especies como as coníferas e os eucaliptos, superando os 10 millóns de m³ anuais. A capacidade de corta está dispoñible, e a Xunta traballa activamente para mellorar os niveis de cortas de frondosas.

O Goberno galego ten previsto aumentar a calidade dos produtos dos montes de frondosas autóctonas. Un dos obxectivos estratéxicos específicos da ESTRATEXIA PARA O FOMENTO DA XESTIÓN ACTIVA DAS MASAS DE FRONDOSAS é "promover a produción de madeira de frondosas de alto valor en formacións naturais de especies autóctonas" e tamén en "plantacións con xestión intensiva". Esta estratexia foi aprobada no Consello da Xunta o día 20/6/2024. Enlaces:

1. Enlace ás publicacións da Consellería do Medio Rural - Estratexia de Frondosas:

<https://mediorural.xunta.gal/es/recursos/publicaciones>

2. Enlace da Estratexia de frondosas na Librería Institucional da Xunta de Galicia:

<https://libreria.xunta.gal/es/estratexia-para-o-fomento-da-xestion-activa-das-masas-de-frondosas>

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





A estratexia foi formulada coa colaboración dos catedráticos Roque Rodríguez e Antonio Rigueiro da USC.

Ademáis é de resaltar a existencia do PROGRAMA ESTRATÉXICO DO CASTIÑEIRO E DA PRODUCCIÓN DE CASTAÑA que contribúe a mellorar o aproveitamento das frondosas.

O Goberno galego está a desenvolver actuacións específicas nas masas de frondosas para aumentar o seu valor engadido e diminuír o risco de incendios forestais. Exemplos:

Rexistro de masas consolidadas de frondosas autóctonas.

As masas consolidadas de frondosas autóctonas conforman a paisaxe característica de Galicia e teñen un alto interese para a conservación de especies e hábitats, así como unha gran capacidade de xerar recursos de alto valor para a sociedade.

Tendo en conta toda esta riqueza, e en desenvolvemento da Lei de Montes, a Xunta publicou o Decreto que regula o Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas Autócto-nas. Nel inscríbense aquelas cunha superficie mínima de monte de 15 hectáreas que poden estar constituídas por tres coutos redondos, sempre que cada unha delas teña un mínimo de 3,75 hectáreas (25% da superficie mínima) e unha idade media de 20 anos.

O rexistro pretende favorecer a xestión forestal activa das masas inscritas, para o que o Decreto que o regula establece unha serie de medidas, como son a prioridade na conce-sión de axudas públicas, a divulgación dos seus valores e das utilidades directas destas masas de frondosas ou mesmo o fomento do desenvolvemento de vantaxes fiscais para os seus titulares.

Na actualidade hai 52 masas e 4.094.50 has rexistradas en Galicia, distribuídas en 5 masas e 331.95 has na provincia de A Coruña, 15 masas e 1.316.78 has na de Lugo, 22 masas e 2.048.56 has en Ourense, e 10 masas e 397.22 has en Pontevedra.

Axudas para o fomento das frondosas.

Para fomentar a xestión activa das masa consolidadas de frondosas autóctonas a Con-sellería do Medio Rural publicou no Diario Oficial de Galicia a Orde do 26 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas, en concorrencia com-petitiva, para a rexeneración e/ou mellora en masas consolidadas de frondosas autóct-onas e para a xestión forestal sostible para usos silvopastorais en masas consolidadas de frondosas autóctonas, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resi-liencia de España financiado pola Unión Europea - NextGenerationEU, e se convocan para o ano 2024.

RECUPERACIÓN E CREACIÓN NOVAS ÁREAS DE CASTIÑEIRO PARA PRODUCCIÓN DE CASTAÑA E MADEIRA.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



A Consellería do Medio Rural presentou ao Consello da Xunta o Programa estratéxico do castiñeiro e da produción da castaña, no marco dos obxectivos da 1ª revisión do Plan Forestal de Galicia 2021-2040 "Cara á neutralidade carbónica".

O proxecto -que establece 36 medidas de actuación concretas- integra todos os eidos do tecido produtivo buscando implicar aos axentes involucrados nos cinco eixes fundamentais de intervención, que parten da planificación e seguimento da produción pero inciden tamén na transferencia de coñecemento dende as entidades investigadoras e no apoio ao sector viveirístico que permita garantir a subministración de planta, así como no fomento de recursos, no impulso á comercialización e na mellora da competitividade das empresas.

Tamén se está a desenvolver o Plan piloto de fomento da xestión conxunta de soutos. O obxectivo do plan é a posta en marcha das ferramentas previstas na lexislación e planificación estratéxica do castiñeiro e se orienten á recuperación dos soutos por medio da súa xestión conxunta. Realizouse a selección dunha serie de soutos que sirvan de referentes e modelos de xestión para outras masas de castiñeiro do territorio galego, polo que é preciso integrar os distintos condicionantes e variables que teñen unha especial transcendencia.

Axudas para soutos:

Convocatoria 2023

Tendo en conta a situación actual do castiñeiro en Galicia a Consellería do Medio Rural considerou necesario establecer unha liña de axudas para o fomento da plantación e coidado dos castiñeiros e o día 3 de febreiro de 2023, a Consellería do Medio Rural publicou no Diario Oficial de Galicia a Orde do 30 de decembro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas, en concorrencia competitiva, para o fomento de plantacións de castiñeiro para froito e para a rexeneración e/ou mellora de soutos tradicionais de castiñeiros, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia de España (PRTR), financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU, e se convocan para o ano 2023 (Código de procedemento MR670D).

O obxecto destas axudas é fomentar as plantacións de castiñeiro para froito e a rexeneración e/ou mellora de soutos.

Convocatoria 2024

A Consellería do Medio Rural publicou no Diario Oficial de Galicia a Orde pola que se establecen as bases reguladoras das axudas, en concorrencia competitiva, para o fomento de plantacións de castiñeiro para froito e para a rexeneración e/ou mellora de soutos tradicionais de castiñeiros, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia de España financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU, e se convocan para o ano 2024 (Código de procedemento MR670D).

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O Goberno galego está a implementar medidas dentro dos cinco eixes de actuación da ESTRATEXIA PARA O FOMENTO DA XESTIÓN ACTIVA DAS MASAS DE FRONDOSAS:

- Eixe 1: Mellora do coñecemento e a formación: Inclúe 6 medidas para mellorar a formación e o coñecemento sobre os montes de frondosas e os seus posibles produtos.
- Eixe 2: Mellora xenética, materiais forestais de reprodución (MFR) e conservación de recursos xenéticos: Inclúe 5 medidas para mellorar a calidade xenética e a conservación dos recursos.
- Eixe 3: Fomento da xestión activa e da conservación dos bosques de frondosas: Inclúe 9 medidas para promover a xestión activa e a conservación das frondosas.
- Eixe 4: Dinamización dos aproveitamentos forestais: Inclúe 12 medidas para fomentar a explotación forestal sostible e aumentar o valor engadido da madeira.
- Eixe 5: Xestión forestal pública de montes de frondosas: Inclúe 4 medidas para a xestión forestal pública, que tamén pode contribuír a diminuír o risco de incendios.

O Goberno galego considera necesarias medidas de mellora xenética para mellorar a calidade dos materiais de reprodución e facer que resistan mellor as enfermidades e sexan máis produtivas. Este compromiso reflíctese claramente no "Eixe 2. Mellora xenética, MFR e conservación de recursos xenéticos" da ESTRATEXIA PARA O FOMENTO DA XESTIÓN ACTIVA DAS MASAS DE FRONDOSAS. Algunhas das accións específicas inclúen:

Mellora das técnicas de reprodución e dos materiais xenéticos empregados: En particular, seguindo a vía clonal e a adaptación ás estacións e ás áreas xeográficas onde se queiran implantar.

Mantemento e desenvolvemento de hortos sementeiros e clons cualificados: Por exemplo, para cerdeira, nogueira, freixos, pradairo, bidueiro e carballos (do país e americano).

Desenvolvemento dun programa de conservación de recursos xenéticos forestais: Este programa aplicarase exclusivamente a especies arbóreas autóctonas, co fin de conservar o acervo xenético forestal galego.

Apoio á adecuación de infraestruturas e dotación aos viveiros, produtores e silvicultores: Para garantir a subministración na cantidade necesaria de planta de calidade que responda aos criterios definidos.

Desenvolvemento dunha rede de parcelas de alto valor xenético: Para garantir a dispoñibilidade de MFR correspondentes a categorías xenéticas elevadas.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Apoio á investigación e colaboración continua: Fomentando a transferencia de coñecementos e experiencias, así como a divulgación dos avances en I+D desenvolvidos polos centros tecnolóxicos, centros de investigación, universidades e outras entidades relacionadas coas frondosas.

Estas medidas están deseñadas para incrementar o crecemento, mellorar a calidade dos produtos e garantir a resistencia ás enfermidades das especies de frondosas autóctonas, o que reflicte a prioridade do Goberno galego en mellorar a calidade e produtividade dos recursos forestais”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 23/07/2025 8:28:46



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 29422
Data envío: 23/07/2025 08:28:46,676

CSV: BOPGDSPG-HMQErfnb-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 1406**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta e dona Lara Méndez López, sobre **"a causa do incremento da superficie de frondosas en trece anos"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 1405 da Comisión 7ª do día 5 de xuño de 2024, á que nos remitimos porque ofrece información sobre as cuestións formuladas.

A comisión pode ser consultada na seguinte ligazón:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NDZLOGVhYWETn2YzZC00YTA5LTlhYjgtYTNkYjA1ZGMwM2Nj>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 23/07/2025 8:28:34



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 29420
Data envío: 23/07/2025 08:28:35.088

CSV: BOPGDSPG-HMQErfnb-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 1667**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta e dona Lara Méndez López, sobre **"o estado en que está a tramitación do proxecto do Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia para este ano"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 1668 e debatida na Comisión 7ª do 7 de maio de 2024, á que nos remitimos porque ofrece información sobre as cuestións formuladas.

A comisión pode ser consultada na seguinte ligazón:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NGZlNDliMTetYTU0Yi00YWY3LTllNDItYWlxMmY2N2ViMzEw&start=1273>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 23/07/2025 8:28:23



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 29418
Data envío: 23/07/2025 08:28:24.267

CSV: BOPGDSPG-HMQErfnb-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 1739**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Secundino Fernández Fernández e outras deputadas, sobre **"a situación en que se atopa a tramitación das axudas relativas ás intervencións agroambientais do Plan estratéxico da PAC 2023-2027 correspondentes á campaña de 2023"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"Dentro do período 2023-2027, e incluído no Plan Estratéxico da PAC, a Intervención 65013 Compromisos de fomento e xestión sostible de pastos, divídese neste PEPAC en tres subintervencións: Subintervención 65013.01 de extensificación de prados, a 65013.02 de extensificación de pastos e a subintervención 65013.03 de pastoreo en zonas de grandes carnívoros.

O importe orzamentario da intervención 65013 non sufriu unha baixada da súa contía económica senón que se aumentou, cun orzamento total de 15.286.966,37€, co fin de que todas as subintervencións e todas as persoas solicitantes tiveran axuda sen prorrateos nin priorizacións.

O seguinte cadro recolle as contías presupostarías por subintervencións:

Intervención	Subintervencións	Presuposto inicial	Presuposto modificado
911063	65013.01 Prados	11.588.150,00 eu	11.578.253,51€ - 9.896,83€
	65013.02 Pastos	561.580,00 eu	531.616,80€ -30.233,20€
	65013.03 Lobo	1.500.00,00 eu	3.177.096,00€ + 1.677.096,00€

A diminución na subintervención 65013.01 foi mínima e debeuse unicamente a un axuste despois de calcular o orzamento necesario para que todas as persoas beneficiarias puideran recibir a máxima axuda prevista tanto nesta subintervención coma nas outras.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Non se aplica a degresividade nesta liña nin en ningunha. Tal e como se explicou fixéronse modificacións nos orzamentos das liñas para non ter que aplicar a degresividade nin priorización de expedientes, e atender así as solicitudes de axudas e a todas as persoas solicitantes.

A explicación ven derivada do funcionamento das medidas agroambientais en si mesmas. Trátanse dunhas axudas vinculadas ao cumprimento duns compromisos anuais e os ditos compromisos non se verifican ata o 31 de decembro de cada ano. Os controis efectúanse na aplicación nacional SGA (Sistema de Xestión de Axudas) que desenvolve o Fondo Español de Garantía Agraria (FEGA), organismo do Ministerio de Agricultura Pesca e Alimentación. Esta aplicación, coa que se xestionan todas as axudas da PAC, está en continuo desenvolvemento, e ata a versión 10.5 non se incluíron os resultados do control de campo. Dita versión entrou en funcionamento o día 28 de maio deste ano 2024, non podéndose facer antes desta data a verificación dos controis e o cálculo da axuda.

O pagamento destas axudas efectuarase o vindeiro xoves 27 de xuño, dentro do prazo establecido no artigo 118 do Real Decreto 1048/2022, do 27 de decembro, sobre a aplicación, a partir de 2023, das intervencións en forma de pagos directos e o establecemento de requisitos comúns no marco do Plan Estratéxico da Política Agrícola Común, e a regulación da solicitude única do sistema integrado de xestión e control, que establece que os pagos do saldo correspondentes aos pagos directos e as intervencións de desenvolvemento rural asimiladas ao sistema integrado de xestión e control, efectuaranse entre o 1 de decembro do ano de presentación da solicitude única e o 30 de xuño do ano natural seguinte”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/07/2025 9:53:31



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/07/2025 09:53:31
Nº Rexistro: 29283
Data envío: 22/07/2025 09:53:31.737

CSV: BOPGDSPG-HMQErfnb-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 2099**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta e dona Lara Méndez López, sobre **"a realización dun balance da eficacia das políticas de prevención dos incendios forestais"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A análise de resultados obtidos, tanto dende o punto de vista da prevención como da extinción de incendios forestais é unha labor continua, que se ven realizando durante todos estes anos e que da lugar, de xeito interno, a novas propostas de actuación que permitan mellorar os mesmos.

A día de hoxe a administración dispón e está procesando milleiros de datos obxectivos, numéricos, cartográficos, meteorolóxicos, de estratexias e tácticas e dende todos os puntos de vista técnicos do que aconteceu, do que podería ter acontecido de non actuar e de qué facer para que non volva a acontecer ou, de ser imposible, minimizar o efecto dos incendios. Para iso empregáronse medidas de todo tipo, dende legais, de planificación e de execución de medidas a levar a cabo a curto e medio prazo.

Estanse a analizar todos eses datos e variables, focalizando os estudos analíticos e de reconstrución nos grandes incendios forestais, como en anteriores ocasións.

Para esta análise hai que resaltar o aumento continuado do investimento na formación, especializada nas diversas categorías, que permite tamén contrastar diferentes puntos de vista.

Os resultados son obxecto de presentación e debate no parlamento e no Consello Forestal de Galicia, aínda que calquera debate que permita unha análise do traballo realizado e unha proposta de mellora non supón ningunha traba para esta consellería.

Para este tipo de actuacións a Dirección Xeral de Defensa do Monte establece anualmente o plan de prevención, que se inclúe dentro do Plan de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais (PLADIGA), de acceso público e no que pode consultar, por provincia, a planificación de actuacións e o seu orzamento desagregado.

As distintas actuacións que se poden realizar, tanto ás dirixidas á poboación como ás enfocadas sobre o territorio se poden e se deben realizar durante todo o ano, seleccionando ben en función da época o tipo de labor preventiva a realizar, evitando lóxicamente actividades que poidan supoñer un risco de inicio de incendio.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





A planificación ademais pode abarcar máis dun ano, establecendo prioridades e marcos temporais para o mantemento de infraestruturas preventivas. Neste eido da prevención, esta planificación é fundamental, sendo conscientes de que hai medidas que darán os seus froitos a medio e longo prazo.

Ademáis do comentado no apartado anterior respecto da consulta do plan de prevención desta dirección xeral, cunha serie de actuacións alí incluídas que se poden considerar como selvicultura preventiva (traballos con medios propios, certos casos de áreas cortalumes...), hai que considerar principalmente os traballos programadas pola Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 23/07/2025 8:28:11



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 29416
Data envío: 23/07/2025 08:28:12.027

CSV: BOPGDSPG-HMQErfnb-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 2970**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Secundino Fernández Fernández e outros deputados e deputadas, sobre **"as razóns do apoio do Goberno galego á instalación da planta de Altri en Palas de Rei"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia e argumentada na proposición non de lei con número 2967 da Comisión 7ª do 23 de maio de 2024, á que nos remitimos porque ofrece información sobre as cuestións formuladas.

A comisión pode ser consultada na seguinte ligazón:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NmFhMDI4ZDEtYzUzMS00N2Y1LTlhZWMTMzMwNGIxMGJmNjMy>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/07/2025 9:53:12



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/07/2025 09:53:13
Nº Rexistro: 29280
Data envío: 22/07/2025 09:53:13.150

CSV: BOPGDSPG-HMQErfnb-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 3076**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta e dona Lara Méndez López, sobre **"o estado da tramitación da convocatoria de subvencións para a prevención dos incendios forestais publicada o 20 de outubro de 2023"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"Finalizado o 20 de novembro de 2023 o prazo de presentación de solicitudes, o seu número superou amplamente as expectativas, xa que se recibiron en prazo un total de 753 solicitudes, 640 de liña I e 113 de liña II. A evidencia é moito maior se consideramos os importes solicitados, resultando un total de 12.199.574,32 €, dos cales 9.299.366,62 € corresponden á liña I e 2.900.207,70 € á liña II; é dicir, é case catro veces o orzamento dispoñible.

Na presente convocatoria incluíse como novidade respecto ás anteriores á presentación xunto coa solicitude dun documento, de carácter técnico, descritivo das actuacións, que debe incluír unha xustificación do lugar elixido e da efectividade dos traballos en relación coa defensa contra os incendios forestais que se pretende alcanzar. A comprobación deste documento precisa dun estudo e análise detallado, que permita identificar claramente a eficacia dos obxectivos pretendidos. Tamén é unha novidade nesta convocatoria realizar a inspección de campo para comprobar a viabilidade dos traballos solicitados, antes de resolver a concesión das axudas, o cal incrementa considerablemente o tempo que se tarda en comprobar as solicitudes e puntuar. Isto sen embargo contribuirá ao grao de execución dos traballos, xa que aqueles que resultaron aprobados contan coa seguridade de que son totalmente viables.

Non se pode minimizar a complexidade e a intensidade do traballo administrativo que supón todo o proceso de tramitación e aprobación das axudas solicitadas, suxeitas a controis moi estritos polo feito de estar cofinanciados polo Feader.

Dende esta Dirección Xeral estase a traballar xa na elaboración dunha nova orde de axudas, que de continuidade aos traballos de prevención contemplados nas ordes anteriores, pois supón unha contribución importante ao cumprimento dos obxectivos establecidos anualmente no Plan de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais de Galicia (PLADIGA). Así mesmo traballárase na axilización das inspeccións de viabilidade para que coa maior brevidade posible se lles dea opción aos beneficiarios de poder iniciar as súas actuacións e así foron transmitidas as instrucións correspondentes aos distintos servizos provinciais.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Non hai impedimento para a realización dos traballos contemplados nesta orde de axudas, e así, con data 19/06/2024 publicouse no DOG a Orde de 12 de xuño de 2024 pola que se modifica a Orde do 10 de outubro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a prevención dos danos causados aos bosques por incendios, desastres naturais e catástrofes en montes veciñais en man común e en sociedades de fomento forestal (Sofor), cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2023 (códigos de procedemento MR651A e MR651B), que amplía o prazo máximo para o remate e a xustificación dos traballos ata o 31 de outubro de 2024.

A Xunta de Galicia non ten ningún interese, senón todo o contrario, en que se produzan demoras na publicación de ningunha orde de axudas, e menos de aquelas que teñen como obxecto cunha cuestión tan sensible como a prevención dos incendios forestais. Como se comentou no apartado anterior, non se vai causar ningún prexuízo porque dispoñerán de tempo suficiente para a execución de todas as actuacións contempladas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 23/07/2025 8:27:36



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 29414
Data envío: 23/07/2025 08:27:52.316

CSV: BOPGDSPG-HMQErfnb-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 3241**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ariadna Fernández González e don Secundino Fernández Fernández, sobre **"a comparación do ritmo de tramitación das concentracións parcelarias do concello de Agolada e o da instalación do proxecto de Altri na mesma zona"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A data de hoxe hai 13 zonas de concentración parcelaria rematadas no Concello de Agolada.

Estase a traballar para atender a demanda da iniciativa promovida en xullo de 2018 por varias parroquias do Concello de Agolada en levar a cabo procesos de reestruturación parcelaria de carácter público.

Por esta razón ao longo do pasado ano 2023 e principios deste ano 2024 a Consellería do Medio Rural licitou e executou os traballos correspondentes á elaboración do Estudo Previo de Iniciación de tres zonas de reestruturación parcelaria de nove parroquias, as zonas de A Baíña – Berredo – Órrea, Agra – O Sexo – Val de Sangorza e Basadre – Eidián – Ramil. O contido deses estudos darase a coñecer nas próximas datas á xeneralidade das persoas interesadas segundo o procedemento establecido no artigo 9.6 de Lei 4/2015".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/07/2025 9:52:58



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/07/2025 09:52:59
Nº Rexistro: 29278
Data envío: 22/07/2025 09:52:59.550

CSV: BOPGDSPG-HMQErfnb-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 3482**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ariadna Fernández González e don Secundino Fernández Fernández, sobre **"o estado da tramitación en que están os procesos de concentración parcelaria de tres zonas do concello de Agolada"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"As previsións dos custos dos investimentos necesarios para cada unha das reestruturacións parcelarias son as seguintes:

1. Para a zona de **A Baíña – Berredo – Órrea**, cunha superficie de 1.358,82 ha que se corresponde coa totalidade dos terreos das parroquias de A Baíña e Órrea e parte da parroquia de Berredo da que se exclúe a zona xa concentrada de Cornella, estímase un investimento total de 3.988.072,60 € dos cales 2,4 M€ se prevén para a execución de obras e o resto, aproximadamente 1,6 M€ para a elaboración das bases, acordo, replanteo dos novos predios e títulos de propiedade.
2. Para a zona de **Agra – O Sexo – Val de Sangorza**, cunha superficie de 1.156,09 ha, que se corresponde coa totalidade dos terreos das parroquias de Agra, O Sexo e parte da parroquia de Val de Sangorza da que se exclúe a zona xa concentrada de Monte da Serra e Fontenla, estímase un investimento total de 3.394.073,70 € dos cales 2 M€ se prevén para a execución de obras e o resto, aproximadamente 1,4 M€ para a elaboración das bases, acordo, replanteo dos novos predios e títulos de propiedade.
3. Por último para a zona de **Basadre – Eidián – Ramil**, cunha superficie de 1.438,10 ha, estímase un investimento de 3.355.288,80 €, dos cales 2,1 M€ para a execución das obras e o resto, aproximadamente 1,25 M€ para a elaboración das bases, acordo, replanteo dos novos predios e títulos de propiedade.

A Consellería do Medio Rural, a través dos seus servizos adscritos á Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural e especialmente a través dos seus servizos territoriais de Infraestruturas Agrarias, asiste a todas aquelas reunións informativas que lle sexan solicitadas ademais de todas as preceptivas e/ou necesarias para o mellor desenvolvemento dos procesos de reestruturación parcelaria, iniciados ou, como é o caso destas tres novas zonas de reestruturación, nas súas fases previas con anterioridade a que sexan decretadas.

Ao longo do pasado ano 2023 e principios deste ano 2024 a Consellería do Medio Rural licitou e executou os traballos correspondentes á elaboración do Estudo Previo de Iniciación establecido no art.9 da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia, unha vez superado favorablemente o proceso de avaliación establecido no art.7 da mesma lei.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Así, durante este período (maio de 2023) se solicitaron informes a departamentos das administración públicas entre os que se atopa o Concello de Agolada coa finalidade de determinar a viabilidade e idoneidade da reestruturación na zona e como paso previo á declaración oficial do proceso mediante decreto para a recompilación de información sobre as principais afeccións, actuacións ou proxectos que podan condicionar o desenvolvemento do proceso, para dar cumprimento ao establecido no artigo 9.2 e 9.3 da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia.

En agosto de 2023 adxudicáronse os contratos para a elaboración dos tres Estudos Previos de Iniciación.

O Comité Técnico Asesor de reestruturación parcelaria de Pontevedra (CTA) reuniuse en sesión ordinaria o 27/11/2023 aos efectos de emitir informe sobre os criterios respecto das posibles actuacións nas zonas de Agra-O Sexo, Val de Sangorza; A Baíña-Berredo-Órrea e Basadre-Eidián-Ramil (Agolada – Pontevedra).

Unha vez elaborados os tres estudos previos de iniciación das tres zonas, está previsto continuar proximamente co procedemento establecido no citado art. 9.6 da Lei 4/2015, *"O contido do estudo será dado a coñecer á xeneralidade das persoas interesadas no proceso mediante aviso inserido no Diario Oficial de Galicia e poderá ser consultado, durante o prazo dun mes, no concello ou concellos afectados, na sede electrónica da consellaría competente en materia de desenvolvemento rural e, adicionalmente, por calquera outro medio que se determine regulamentariamente. Durante este prazo poderanse realizar achegas ao estudo, que serán analizadas polo servizo provincial competente e, de ser o caso, incorporadas para a súa redacción final"*.

Na actualidade, e grazas ás modificación lexislativas realizadas, estanse a reducir significativamente os prazos das novas zonas de reestruturación acollidas a esta nova normativa que lle é de aplicación para a mellora da estrutura territorial de Galicia.

Un prazo razoable para a execución dos traballos entre o decreto e o acordo non se pode definir neste momento.

Na priorización das novas zonas a decretar no Concello de Agolada, a Consellería do Medio Rural tivo en conta o peso relativo da superficie das explotacións agrarias existentes e das UGM en relación á superficie da zona.

Así, as parroquias que indican uns datos brutos máis propicios para unha reestruturación parcelaria son as de Eidián e Baíña. Cómpre puntualizar que a parte norte da parroquia de Eidián, aproximadamente 101 ha das 798 ha que ten a parroquia (13%) xa están concentradas.

No que respecta ao datos ponderados, as parroquias máis propicias por ter uns maiores pesos no que respecta á superficie das explotación e das UGM son as de O Sexo, Basadre e Baíña.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Tendo en conta estas circunstancias, considerouse adecuada a agrupación en tres zonas de reestruturación parcelaria de carácter público: Agra-O Sexo-Val de Sangorza, A Baíña-Berredo-Órrea e Basadre-Eidián-Ramil.

As parroquias de Brocos e Sesto, son as que arrojan os datos máis baixos en canto a UGM totais das inscritas nos correspondentes rexistros oficiais, polo que son nas que se infire unha menor actividade gandeira.

Precisamente, una das circunstancias que se teñen en conta na acreditación do cumprimento dos obxectivos xerais que establece a Lei 4/2015 no artigo 7 é o dinamismo do territorio e a poboación, que permita a maximización do efecto do procedemento de mellora da estrutura territorial agraria.

Por outra banda, os estudos previos de iniciación das tres zonas, que proximamente se dará a coñecer ás persoas interesadas no proceso, inclúe no seu contido una avaliación económica e financeira das inversións e tamén a avaliación global da viabilidade das zonas a reestruturar”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 23/07/2025 8:32:41



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 29437
Data envío: 23/07/2025 08:32:42.246

CSV: BOPGDSPG-HMQErfnb-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 613**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Iago Suárez Fernández, dona Montserrat Valcárcel Armesto e don Secundino Fernández Fernández, sobre **"a situación dos consellos reguladores galegos e as consecuencias do traslado desde Monforte de Lemos a Lugo do Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"Desde a aprobación da Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega, os consellos reguladores de Galicia pasaron a ter personalidade xurídica propia, baixo a fórmula de corporacións de dereito público. Esa lei dáballes xa unha ampla autonomía no seu funcionamento como entes xestores da correspondente denominación de orixe ou indicación xeográfica protexida, ou da produción ecolóxica, no caso do Craega.

A dita Lei 2/2005 quedou derogada coa aprobación da Lei 1/2024, do 11 de xaneiro, da calidade alimentaria de Galicia. Esta nova lei mantén a consideración xurídica dos consellos reguladores como corporacións de dereito público. O seu artigo 47.1 establece:

Os consellos reguladores do ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia terán personalidade xurídica de seu baixo a forma de corporacións de dereito público e gozarán de autonomía financeira e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins. Axustarán o seu funcionamento ao dereito privado, excepto cando exerzan potestades públicas, situación en que se rexerán polo dereito administrativo.

Por outra parte, mentres non se faga o correspondente desenvolvemento regulamentario desta nova lei, será de aplicación, en todo o que non a contradiga, o regulamento de desenvolvemento da lei de 2005, isto é, o Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro, polo que se regulan as denominacións xeográficas de calidade do sector alimentario e os seus consellos reguladores.

A normativa que acabamos de indicar, así como o regulamento de funcionamento do Craega, aprobado mediante a Orde da Consellería do Medio Rural do 3 de abril de 2009, dan unha ampla marxe de autonomía ao consello regulador, que debe axustar o seu funcionamento ao réxime de dereito privado excepto naquelas funcións de carácter público que realice.

A normativa citada regula a composición dos órganos de goberno do consello (con participación de todas os sectores implicados) e a forma en que debe tomar as decisións e acordos (sempre baixo os principios dun funcionamento democrático).

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Dito o anterior, a Xunta de Galicia nin pode nin debe actuar contra unha decisión do consello regulador tomada polos seus órganos de goberno democraticamente e de acordo co marco legal establecido

A Consellería do Medio Rural trasladou ao Craega a opinión favorable a que a sede institucional do organismo permanecese en Monforte, independentemente de que puidese abrir oficinas noutros lugares, se iso fose adecuado para mellorar o seu funcionamento (en realidade, en Lugo xa viña tendo un local o Craega onde realiza o seu labor unha parte do seu persoal, veciños dese concello ou limitrofes). Mesmo, como sinalaremos máis adiante, ofrecéronse alternativas en locais propios da Consellería para paliar os problemas e inconvenientes que a sede do Multiusos de Monforte lle provocaba e para evitar así esta marcha.

Pero, como xa indicamos, esta é unha decisión que entra dentro das que pode adoptar con plena autonomía o consello regulador.

Obviamente, corresponde ao Craega (que é quen autonomamente toma a decisión) e non á Consellería do Medio Rural, negociar cos traballadores as compensacións que teña que aplicar para aqueles que, de ser o caso, teñan que desprazarse de Monforte a Lugo para ir traballar. Iso poderá concretarse en indemnizacións compensatorias, habilitación do teletraballo ou aquelas outras medidas que acorden as partes. Tamén cabe a posibilidade de que o Craega manteña algún traballador en Monforte, co que non tería que viaxar a Lugo. E tamén hai que ter en conta que unha parte do persoal do Craega ten a súa residencia en Lugo capital e arredores, e esas persoas saen beneficiadas co traslado.

Pero insistimos en que as alternativas tenas que negociar o Craega cos seus traballadores.

Non é certo que non actuase a Consellería do Medio Rural. Mesmo houbo unha visita do Conselleiro acompañado do Director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, para ensinar e ofrecer ao Craega dependencias no Centro de Formación Agroforestal de Monforte para instalarse alí.

Para o presidente do Craega esa podía ser unha boa opción se se completaba coa cesión do Pazo de Tor, propiedade da Deputación de Lugo, pero esa posibilidade non callou.

No seguinte enlace pódese ver unha noticia do pasado mes de marzo que documenta o que indicamos.

https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/somosagro/2024/03/16/xunta-ofrece-medios-craega-pide-tome-mueva-ficha/0003_202403M16C1991.htm

Polo tanto, a Consellería do Medio Rural tratou de que a sede do Craega se mantivese en Monforte, pero non pode interferir nas decisións que democraticamente adoite o sector a través dos seus representantes”.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/07/2025 09:53:54
Nº Rexistro: 29287
Data envío: 22/07/2025 09:53:54.743

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/07/2025 9:53:54



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/07/2025 09:53:54
Nº Rexistro: 29287
Data envío: 22/07/2025 09:53:54.743

CSV: BOPGDSPG-HMQErfnb-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 1118**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta e dona Lara Méndez López, sobre **"a situación das especies de frondosas caducifolias en Galicia e as previsións da Xunta de Galicia relativas ao impulso de plans de mellora co obxectivo de aproveitar o seu potencial económico e ambiental"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"As necesidades de mellora das cortas de madeira de frondosas caducifolias en Galicia pode atribuírse a varios factores clave. En 2022, as cortas de frondosas en terreos de xestión privada ascenderon a 283.410 m³, representando só un 2,63% do total das cortas. Ademais, os volumes medios de corta en frondosas son de entre 3-7 m³ por solicitude, moito máis baixos que os volumes medios de corta de coníferas, que alcanzan os 86 m³ por solicitude, e de eucalipto, con 120 m³ por solicitude. Outro factor é a falta de xestión axeitada. A silvicultura orientada á obtención de pés de suficiente diámetro e sen defectos é limitada, o que resulta en madeira de menor calidade e, polo tanto, menor valor de mercado. Ademais, a comparación con países do centro de Europa, como Francia, onde as taxas de aproveitamento e os prezos da madeira de frondosas son netamente superiores.

O sector forestal en Galicia destaca por un volume significativo de cortas noutras especies como as coníferas e os eucaliptos, superando os 10 millóns de m³ anuais. A capacidade de corta está dispoñible, e a Xunta traballa activamente para mellorar os niveis de cortas de frondosas.

O Goberno galego ten previsto aumentar a calidade dos produtos dos montes de frondosas autóctonas. Un dos obxectivos estratéxicos específicos da ESTRATEXIA PARA O FOMENTO DA XESTIÓN ACTIVA DAS MASAS DE FRONDOSAS é "promover a produción de madeira de frondosas de alto valor en formacións naturais de especies autóctonas" e tamén en "plantacións con xestión intensiva". Esta estratexia foi aprobada no Consello da Xunta o día 20/6/2024. Enlaces:

1. Enlace ás publicacións da Consellería do Medio Rural - Estratexia de Frondosas

<https://mediorural.xunta.gal/es/recursos/publicaciones>

2. Enlace da Estratexia de frondosas na Libraría Institucional da Xunta de Galicia

<https://libraria.xunta.gal/es/estratexia-para-o-fomento-da-xestion-activa-das-masas-de-frondosas>

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





A estratexia foi formulada coa colaboración dos catedráticos Roque Rodríguez e Antonio Rigueiro da USC.

Ademáis é de resaltar a existencia do PROGRAMA ESTRATÉXICO DO CASTIÑEIRO E DA PRODUCCIÓN DE CASTAÑA que contribúe a mellorar o aproveitamento das frondosas.

O Goberno galego está a desenvolver actuacións específicas nas masas de frondosas para aumentar o seu valor engadido e diminuír o risco de incendios forestais. Exemplos:

Rexistro de masas consolidadas de frondosas autóctonas

As masas consolidadas de frondosas autóctonas conforman a paisaxe característica de Galicia e teñen un alto interese para a conservación de especies e hábitats, así como unha gran capacidade de xerar recursos de alto valor para a sociedade.

Tendo en conta toda esta riqueza, e en desenvolvemento da Lei de Montes, a Xunta publicou o Decreto que regula o Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas Autócto-nas. Nel inscríbense aquelas cunha superficie mínima de monte de 15 hectáreas que poden estar constituídas por tres coutos redondos, sempre que cada unha delas teña un mínimo de 3,75 hectáreas (25% da superficie mínima) e unha idade media de 20 anos.

O rexistro pretende favorecer a xestión forestal activa das masas inscritas, para o que o Decreto que o regula establece unha serie de medidas, como son a prioridade na conce-sión de axudas públicas, a divulgación dos seus valores e das utilidades directas destas masas de frondosas ou mesmo o fomento do desenvolvemento de vantaxes fiscais para os seus titulares.

Na actualidade hai 52 masas e 4.094.50 has rexistradas en Galicia, distribuídas en 5 masas e 331.95 has na provincia de A Coruña, 15 masas e 1.316.78 has na de Lugo, 22 masas e 2.048.56 has en Ourense, e 10 masas e 397.22 has en Pontevedra.

Axudas para o fomento das frondosas

Para fomentar a xestión activa das masa consolidadas de frondosas autóctonas a Con-sellería do Medio Rural publicou no Diario Oficial de Galicia a Orde do 26 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas, en concorrencia com-petitiva, para a rexeneración e/ou mellora en masas consolidadas de frondosas autóct-onas e para a xestión forestal sostible para usos silvopastorais en masas consolidadas de frondosas autóctonas, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resi-liencia de España financiado pola Unión Europea - NextGenerationEU, e se convocan para o ano 2024.

RECUPERACIÓN E CREACIÓN NOVAS ÁREAS DE CASTIÑEIRO PARA PRODUCCIÓN DE CASTAÑA E MADEIRA.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



A Consellería do Medio Rural presentou ao Consello da Xunta o Programa estratéxico do castiñeiro e da produción da castaña, no marco dos obxectivos da 1ª revisión do Plan Forestal de Galicia 2021-2040 "Cara á neutralidade carbónica".

O proxecto -que establece 36 medidas de actuación concretas- integra todos os eidos do tecido produtivo buscando implicar aos axentes involucrados nos cinco eixes fundamentais de intervención, que parten da planificación e seguimento da produción pero inciden tamén na transferencia de coñecemento dende as entidades investigadoras e no apoio ao sector viveirístico que permita garantir a subministración de planta, así como no fomento de recursos, no impulso á comercialización e na mellora da competitividade das empresas.

Tamén se está a desenvolver o Plan piloto de fomento da xestión conxunta de soutos. O obxectivo do plan é a posta en marcha das ferramentas previstas na lexislación e planificación estratéxica do castiñeiro e se orienten á recuperación dos soutos por medio da súa xestión conxunta. Realizouse a selección dunha serie de soutos que sirvan de referentes e modelos de xestión para outras masas de castiñeiro do territorio galego, polo que é preciso integrar os distintos condicionantes e variables que teñen unha especial transcendencia.

Axudas para soutos:

Convocatoria 2023

Tendo en conta a situación actual do castiñeiro en Galicia a Consellería do Medio Rural considerou necesario establecer unha liña de axudas para o fomento da plantación e coidado dos castiñeiros e o día 3 de febreiro de 2023, a Consellería do Medio Rural publicou no Diario Oficial de Galicia a Orde do 30 de decembro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas, en concorrencia competitiva, para o fomento de plantacións de castiñeiro para froito e para a rexeneración e/ou mellora de soutos tradicionais de castiñeiros, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia de España (PRTR), financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU, e se convocan para o ano 2023 (Código de procedemento MR670D).

O obxecto destas axudas é fomentar as plantacións de castiñeiro para froito e a rexeneración e/ou mellora de soutos.

Convocatoria 2024

A Consellería do Medio Rural publicou no Diario Oficial de Galicia a Orde pola que se establecen as bases reguladoras das axudas, en concorrencia competitiva, para o fomento de plantacións de castiñeiro para froito e para a rexeneración e/ou mellora de soutos tradicionais de castiñeiros, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia de España financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU, e se convocan para o ano 2024 (Código de procedemento MR670D).

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O Goberno galego está a implementar medidas dentro dos cinco eixes de actuación da ESTRATEXIA PARA O FOMENTO DA XESTIÓN ACTIVA DAS MASAS DE FRONDOSAS:

- Eixe 1: Mellora do coñecemento e a formación: Inclúe 6 medidas para mellorar a formación e o coñecemento sobre os montes de frondosas e os seus posibles produtos.
- Eixe 2: Mellora xenética, materiais forestais de reprodución (MFR) e conservación de recursos xenéticos: Inclúe 5 medidas para mellorar a calidade xenética e a conservación dos recursos.
- Eixe 3: Fomento da xestión activa e da conservación dos bosques de frondosas: Inclúe 9 medidas para promover a xestión activa e a conservación das frondosas.
- Eixe 4: Dinamización dos aproveitamentos forestais: Inclúe 12 medidas para fomentar a explotación forestal sostible e aumentar o valor engadido da madeira.
- Eixe 5: Xestión forestal pública de montes de frondosas: Inclúe 4 medidas para a xestión forestal pública, que tamén pode contribuír a diminuír o risco de incendios.

O Goberno galego considera necesarias medidas de mellora xenética para mellorar a calidade dos materiais de reprodución e facer que resistan mellor as enfermidades e sexan máis produtivas. Este compromiso reflíctese claramente no "Eixe 2. Mellora xenética, MFR e conservación de recursos xenéticos" da ESTRATEXIA PARA O FOMENTO DA XESTIÓN ACTIVA DAS MASAS DE FRONDOSAS. Algunhas das accións específicas inclúen:

Mellora das técnicas de reprodución e dos materiais xenéticos empregados: En particular, seguindo a vía clonal e a adaptación ás estacións e ás áreas xeográficas onde se queiran implantar.

Mantemento e desenvolvemento de hortos sementeiros e clons cualificados: Por exemplo, para cerdeira, nogueira, freixos, pradaíro, bidueiro e carballos (do país e americano).

Desenvolvemento dun programa de conservación de recursos xenéticos forestais: Este programa aplicarase exclusivamente a especies arbóreas autóctonas, co fin de conservar o acervo xenético forestal galego.

Apoio á adecuación de infraestruturas e dotación aos viveiros, produtores e silvicultores: Para garantir a subministración na cantidade necesaria de planta de calidade que responda aos criterios definidos.

Desenvolvemento dunha rede de parcelas de alto valor xenético: Para garantir a dispoñibilidade de MFR correspondentes a categorías xenéticas elevadas.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Apoio á investigación e colaboración continua: Fomentando a transferencia de coñecementos e experiencias, así como a divulgación dos avances en I+D desenvolvidos polos centros tecnolóxicos, centros de investigación, universidades e outras entidades relacionadas coas frondosas.

Estas medidas están deseñadas para incrementar o crecemento, mellorar a calidade dos produtos e garantir a resistencia ás enfermidades das especies de frondosas autóctonas, o que reflicte a prioridade do Goberno galego en mellorar a calidade e produtividade dos recursos forestais”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 23/07/2025 8:28:40



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 29421
Data envío: 23/07/2025 08:28:40,608

CSV: BOPGDSPG-HMQErfnb-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 1738**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Secundino Fernández Fernández e outras deputadas, sobre **"a situación relativa ás axudas ás intervencións agroambientais do Plan estratéxico da PAC 2023-2027 e as circunstancias en que se atopa a tramitación das correspondentes á campaña de 2023"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"Dentro do período 2023-2027, e incluído no Plan Estratéxico da PAC, a Intervención 65013 Compromisos de fomento e xestión sostible de pastos, divídese neste PEPAC en tres subintervencións: Subintervención 65013.01 de extensificación de prados, a 65013.02 de extensificación de pastos e a subintervención 65013.03 de pastoreo en zonas de grandes carnívoros.

O importe orzamentario da intervención 65013 non sufriu unha baixada da súa contía económica senón que se aumentou, cun orzamento total de 15.286.966,37€, co fin de que todas as subintervencións e todas as persoas solicitantes tiveran axuda sen prorrateos nin priorizacións.

O seguinte cadro recolle as contías presupostarías por subintervencións:

Intervención	Subintervencións	Presuposto inicial	Presuposto modificado
911063	65013.01 Prados	11.588.150,00 eu	11.578.253,51€ - 9.896,83€
	65013.02 Pastos	561.580,00 eu	531.616,80€ -30.233,20€
	65013.03 Lobo	1.500.00,00 eu	3.177.096,00€ + 1.677.096,00€

A diminución na subintervención 65013.01 foi mínima e debeuse unicamente a un axuste despois de calcular o orzamento necesario para que todas as persoas beneficiarias puideran recibir a máxima axuda prevista tanto nesta subintervención coma nas outras.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Non se aplica a degresividade nesta liña nin en ningunha. Tal e como se explicou fixéronse modificacións nos orzamentos das liñas para non ter que aplicar a degresividade nin priorización de expedientes, e atender así as solicitudes de axudas e a todas as persoas solicitantes.

A explicación ven derivada do funcionamento das medidas agroambientais en si mesmas. Trátanse dunhas axudas vinculadas ao cumprimento duns compromisos anuais e os ditos compromisos non se verifican ata o 31 de decembro de cada ano. Os controis efectúanse na aplicación nacional SGA (Sistema de Xestión de Axudas) que desenvolve o Fondo Español de Garantía Agraria (FEGA), organismo do Ministerio de Agricultura Pesca e Alimentación. Esta aplicación, coa que se xestionan todas as axudas da PAC, está en continuo desenvolvemento, e ata a versión 10.5 non se incluíron os resultados do control de campo. Dita versión entrou en funcionamento o día 28 de maio deste ano 2024, non podéndose facer antes desta data a verificación dos controis e o cálculo da axuda.

O pagamento destas axudas efectuarase o vindeiro xoves 27 de xuño, dentro do prazo establecido no artigo 118 do Real Decreto 1048/2022, do 27 de decembro, sobre a aplicación, a partir de 2023, das intervencións en forma de pagos directos e o establecemento de requisitos comúns no marco do Plan Estratéxico da Política Agrícola Común, e a regulación da solicitude única do sistema integrado de xestión e control, que establece que os pagos do saldo correspondentes aos pagos directos e as intervencións de desenvolvemento rural asimiladas ao sistema integrado de xestión e control, efectuaranse entre o 1 de decembro do ano de presentación da solicitude única e o 30 de xuño do ano natural seguinte”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/07/2025 9:53:37



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/07/2025 09:53:37
Nº Rexistro: 29284
Data envío: 22/07/2025 09:53:37.505

CSV: BOPGDSPG-HMQErfnb-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 2098**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta e dona Lara Méndez López, sobre **"a realización dun balance das políticas de prevención dos incendios forestais e as medidas levadas a cabo nesta materia en 2023 e primeiros meses de 2024, en concreto no referido á silvicultura preventiva desde xaneiro do presente ano"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A análise de resultados obtidos, tanto dende o punto de vista da prevención como da extinción de incendios forestais é unha labor continua, que se ven realizando durante todos estes anos e que da lugar, de xeito interno, a novas propostas de actuación que permitan mellorar os mesmos.

A día de hoxe a administración dispón e está procesando milleiros de datos obxectivos, numéricos, cartográficos, meteorolóxicos, de estratexias e tácticas e dende todos os puntos de vista técnicos do que aconteceu, do que podería ter acontecido de non actuar e de qué facer para que non volva a acontecer ou, de ser imposible, minimizar o efecto dos incendios. Para iso empregáronse medidas de todo tipo, dende legais, de planificación e de execución de medidas a levar a cabo a curto e medio prazo.

Estanse a analizar todos eses datos e variables, focalizando os estudos analíticos e de reconstrución nos grandes incendios forestais, como en anteriores ocasións.

Para esta análise hai que resaltar o aumento continuado do investimento na formación, especializada nas diversas categorías, que permite tamén contrastar diferentes puntos de vista.

Os resultados son obxecto de presentación e debate no parlamento e no Consello Forestal de Galicia, aínda que calquera debate que permita unha análise do traballo realizado e unha proposta de mellora non supón ningunha traba para esta consellería.

Para este tipo de actuacións a Dirección Xeral de Defensa do Monte establece anualmente o plan de prevención, que se inclúe dentro do Plan de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais (PLADIGA), de acceso público e no que pode consultar, por provincia, a planificación de actuacións e o seu orzamento desagregado.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



As distintas actuacións que se poden realizar, tanto ás dirixidas á poboación como ás enfocadas sobre o territorio se poden e se deben realizar durante todo o ano, seleccionando ben en función da época o tipo de labor preventiva a realizar, evitando lóxicamente actividades que poidan supoñer un risco de inicio de incendio. A planificación ademais pode abarcar máis dun ano, establecendo prioridades e marcos temporais para o mantemento de infraestruturas preventivas. Neste eido da prevención, esta planificación é fundamental, sendo conscientes de que hai medidas que darán os seus froitos a medio e longo prazo.

Ademáis do comentado no apartado anterior respecto da consulta do plan de prevención desta dirección xeral, cunha serie de actuacións alí incluídas que se poden considerar como selvicultura preventiva (traballos con medios propios, certos casos de áreas cortalumes...), hai que considerar principalmente os traballos programadas pola Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 23/07/2025 8:28:18



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 29417
Data envío: 23/07/2025 08:28:18.851

CSV: BOPGDSPG-HMQErfnb-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 2969**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Secundino Fernández Fernández e outros deputados e deputadas, sobre **"os eventuais estudos realizados pola Xunta de Galicia co fin de valorar as posibles repercusións da instalación do complexo industrial de Altri no sector agrogandeiro das comarcas veciñas"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia e argumentada na proposición non de lei con número 2967 da Comisión 7ª do 23 de maio de 2024, á que nos remitimos porque ofrece información sobre as cuestións formuladas.

A comisión pode ser consultada na seguinte ligazón:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NmFhMDI4ZDEtYzUzMS00N2Y1LTlhZWMTMzMwNGlxMGJmNjMy>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/07/2025 9:53:18



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/07/2025 09:53:19
Nº Rexistro: 29281
Data envío: 22/07/2025 09:53:19.118

CSV: BOPGDSPG-HMQErfnb-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 3075**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta e dona Lara Méndez López, sobre **"o estado da tramitación da convocatoria de subvencións para a prevención dos incendios forestais publicada en outubro de 2023 e as medidas da Consellería do Medio Rural para axilizala e facilitarlle ás comunidades de montes en man común e ás Sofor o seu traballo preventivo"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"Finalizado o 20 de novembro de 2023 o prazo de presentación de solicitudes, o seu número superou amplamente as expectativas, xa que se recibiron en prazo un total de 753 solicitudes, 640 de liña I e 113 de liña II. A evidencia é moito maior se consideramos os importes solicitados, resultando un total de 12.199.574,32 €, dos cales 9.299.366,62 € corresponden á liña I e 2.900.207,70 € á liña II; é dicir, é case catro veces o orzamento dispoñible.

Na presente convocatoria incluíse como novidade respecto ás anteriores á presentación xunto coa solicitude dun documento, de carácter técnico, descritivo das actuacións, que debe incluír unha xustificación do lugar elixido e da efectividade dos traballos en relación coa defensa contra os incendios forestais que se pretende alcanzar. A comprobación deste documento precisa dun estudo e análise detallado, que permita identificar claramente a eficacia dos obxectivos pretendidos. Tamén é unha novidade nesta convocatoria realizar a inspección de campo para comprobar a viabilidade dos traballos solicitados, antes de resolver a concesión das axudas, o cal incrementa considerablemente o tempo que se tarda en comprobar as solicitudes e puntuar. Isto sen embargo contribuirá ao grao de execución dos traballos, xa que aqueles que resultaron aprobados contan coa seguridade de que son totalmente viables.

Non se pode minimizar a complexidade e a intensidade do traballo administrativo que supón todo o proceso de tramitación e aprobación das axudas solicitadas, suxeitas a controis moi estritos polo feito de estar cofinanciados polo Feader.

Dende esta Dirección Xeral estase a traballar xa na elaboración dunha nova orde de axudas, que de continuidade aos traballos de prevención contemplados nas ordes anteriores, pois supón unha contribución importante ao cumprimento dos obxectivos establecidos anualmente no Plan de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais de Galicia (PLADIGA). Así mesmo traballárase na axilización das inspeccións de viabilidade para que coa maior brevidade posible se lles dea opción aos beneficiarios de poder iniciar as súas actuacións e así foron transmitidas as instrucións correspondentes aos distintos servizos provinciais.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Non hai impedimento para a realización dos traballos contemplados nesta orde de axudas, e así, con data 19/06/2024 publicouse no DOG a Orde de 12 de xuño de 2024 pola que se modifica a Orde do 10 de outubro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a prevención dos danos causados aos bosques por incendios, desastres naturais e catástrofes en montes veciñais en man común e en sociedades de fomento forestal (Sofor), cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2023 (códigos de procedemento MR651A e MR651B), que amplía o prazo máximo para o remate e a xustificación dos traballos ata o 31 de outubro de 2024.

A Xunta de Galicia non ten ningún interese, senón todo o contrario, en que se produzan demoras na publicación de ningunha orde de axudas, e menos de aquelas que teñen como obxecto cunha cuestión tan sensible como a prevención dos incendios forestais. Como se comentou no apartado anterior, non se vai causar ningún prexuízo porque dispoñerán de tempo suficiente para a execución de todas as actuacións contempladas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 23/07/2025 8:28:05



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 29415
Data envío: 23/07/2025 08:28:06.365

CSV: BOPGDSPG-HMQErfnb-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 3240**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ariadna Fernández González e don Secundino Fernández Fernández, sobre **"o estado en que están os trámites para a concentración parcelaria no concello de Agolada, o posible impacto da instalación de Altri para esta zona e os contactos cos veciños para contrastar opinións verbo deste proxecto industrial"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A data de hoxe hai 13 zonas de concentración parcelaria rematadas no Concello de Agolada.

Estase a traballar para atender a demanda da iniciativa promovida en xullo de 2018 por varias parroquias do Concello de Agolada en levar a cabo procesos de reestruturación parcelaria de carácter público.

Por esta razón ao longo do pasado ano 2023 e principios deste ano 2024 a Consellería do Medio Rural licitou e executou os traballos correspondentes á elaboración do Estudo Previo de Iniciación de tres zonas de reestruturación parcelaria de nove parroquias, as zonas de A Baíña – Berredo – Órrea, Agra – O Sexo – Val de Sangorza e Basadre – Eidián – Ramil. O contido deses estudos darase a coñecer nas próximas datas á xeneralidade das persoas interesadas segundo o procedemento establecido no artigo 9.6 de Lei 4/2015".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/07/2025 9:53:06



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/07/2025 09:53:06
Nº Rexistro: 29279
Data envío: 22/07/2025 09:53:06,945

CSV: BOPGDSPG-HMQErfnb-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 3481**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ariadna Fernández González e don Secundino Fernández Fernández, sobre **"os orzamentos dedicados, o alcance e os prazos previstos nos procesos de concentración parcelaria de Agolada"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"As previsións dos custos dos investimentos necesarios para cada unha das reestruturacións parcelarias son as seguintes:

1. Para a zona de **A Baíña – Berredo – Órrea**, cunha superficie de 1.358,82 ha que se corresponde coa totalidade dos terreos das parroquias de A Baíña e Órrea e parte da parroquia de Berredo da que se exclúe a zona xa concentrada de Cornella, estímase un investimento total de 3.988.072,60 € dos cales 2,4 M€ se prevén para a execución de obras e o resto, aproximadamente 1,6 M€ para a elaboración das bases, acordo, replanteo dos novos predios e títulos de propiedade.

2. Para a zona de **Agra – O Sexo – Val de Sangorza**, cunha superficie de 1.156,09 ha, que se corresponde coa totalidade dos terreos das parroquias de Agra, O Sexo e parte da parroquia de Val de Sangorza da que se exclúe a zona xa concentrada de Monte da Serra e Fontenla, estímase un investimento total de 3.394.073,70 € dos cales 2 M€ se prevén para a execución de obras e o resto, aproximadamente 1,4 M€ para a elaboración das bases, acordo, replanteo dos novos predios e títulos de propiedade.

2.Por último para a zona de **Basadre – Eidián – Ramil**, cunha superficie de 1.438,10 ha, estímase un investimento de 3.355.288,80 €, dos cales 2,1 M€ para a execución das obras e o resto, aproximadamente 1,25 M€ para a elaboración das bases, acordo, replanteo dos novos predios e títulos de propiedade.

A Consellería do Medio Rural, a través dos seus servizos adscritos á Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural e especialmente a través dos seus servizos territoriais de Infraestruturas Agrarias, asiste a todas aquelas reunións informativas que lle sexan solicitadas ademais de todas as preceptivas e/ou necesarias para o mellor desenvolvemento dos procesos de reestruturación parcelaria, iniciados ou, como é o caso destas tres novas zonas de reestruturación, nas súas fases previas con anterioridade a que sexan decretadas.

Ao longo do pasado ano 2023 e principios deste ano 2024 a Consellería do Medio Rural licitou e executou os traballos correspondentes á elaboración do Estudo Previo de Iniciación establecido no art.9 da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia, unha vez superado favorablemente o proceso de avaliación establecido no art.7 da mesma lei.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Así, durante este período (maio de 2023) se solicitaron informes a departamentos das administración públicas entre os que se atopa o Concello de Agolada coa finalidade de determinar a viabilidade e idoneidade da reestruturación na zona e como paso previo á declaración oficial do proceso mediante decreto para a recompilación de información sobre as principais afeccións, actuacións ou proxectos que podan condicionar o desenvolvemento do proceso, para dar cumprimento ao establecido no artigo 9.2 e 9.3 da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia.

En agosto de 2023 adxudicáronse os contratos para a elaboración dos tres Estudos Previos de Iniciación.

O Comité Técnico Asesor de reestruturación parcelaria de Pontevedra (CTA) reuniuse en sesión ordinaria o 27/11/2023 aos efectos de emitir informe sobre os criterios respecto das posibles actuacións nas zonas de Agra-O Sexo, Val de Sangorza; A Baíña-Berredo-Órrea e Basadre-Eidián-Ramil (Agolada – Pontevedra).

Unha vez elaborados os tres estudos previos de iniciación das tres zonas, está previsto continuar proximamente co procedemento establecido no citado art. 9.6 da Lei 4/2015, *"O contido do estudo será dado a coñecer á xeneralidade das persoas interesadas no proceso mediante aviso inserido no Diario Oficial de Galicia e poderá ser consultado, durante o prazo dun mes, no concello ou concellos afectados, na sede electrónica da consellaría competente en materia de desenvolvemento rural e, adicionalmente, por calquera outro medio que se determine regulamentariamente. Durante este prazo poderanse realizar achegas ao estudo, que serán analizadas polo servizo provincial competente e, de ser o caso, incorporadas para a súa redacción final"*

Na actualidade, e grazas ás modificación lexislativas realizadas, estanse a reducir significativamente os prazos das novas zonas de reestruturación acollidas a esta nova normativa que lle é de aplicación para a mellora da estrutura territorial de Galicia.

Un prazo razoable para a execución dos traballos entre o decreto e o acordo non se pode definir neste momento.

Na priorización das novas zonas a decretar no Concello de Agolada, a Consellería do Medio Rural tivo en conta o peso relativo da superficie das explotacións agrarias existentes e das UGM en relación á superficie da zona.

Así, as parroquias que indican uns datos brutos máis propicios para unha reestruturación parcelaria son as de Eidián e Baíña. Cómpre puntualizar que a parte norte da parroquia de Eidián, aproximadamente 101 ha das 798 ha que ten a parroquia (13%) xa están concentradas.

No que respecta ao datos ponderados, as parroquias máis propicias por ter uns maiores pesos no que respecta á superficie das explotación e das UGM son as de O Sexo, Basadre e Baíña.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Tendo en conta estas circunstancias, considerouse adecuada a agrupación en tres zonas de reestruturación parcelaria de carácter público: Agra-O Sexo-Val de Sangorza, A Baíña-Berredo-Órrea e Basadre-Eidián-Ramil.

As parroquias de Brocos e Sesto, son as que arrojan os datos máis baixos en canto a UGM totais das inscritas nos correspondentes rexistros oficiais, polo que son nas que se infire unha menor actividade gandeira.

Precisamente, una das circunstancias que se teñen en conta na acreditación do cumprimento dos obxectivos xerais que establece a Lei 4/2015 no artigo 7 é o dinamismo do territorio e a poboación, que permita a maximización do efecto do procedemento de mellora da estrutura territorial agraria.

Por outra banda, os estudos previos de iniciación das tres zonas, que proximamente se dará a coñecer ás persoas interesadas no proceso, inclúe no seu contido una avaliación económica e financeira das inversións e tamén a avaliación global da viabilidade das zonas a reestruturar".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 23/07/2025 8:32:47



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 29438
Data envío: 23/07/2025 08:32:47,483

CSV: BOPGDSPG-HMQErfnb-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 3986**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Secundino Fernández Fernández e outras deputadas, sobre **"as razóns do cambio de idioma na nomenclatura da indicación xeográfica protexida Vaca e Boi de Galicia, que pasa a ser Vaca y Buey de Galicia"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia argumentada na proposición non de lei con número 3983 da Comisión 7ª do 5 de xuño de 2024, á que nos remitimos porque ofrece información sobre as cuestións formuladas.

A comisión pode ser consultada na seguinte ligazón:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NDZLOGVhYWEtN2YzZC00YTA5LTlhYjgtYTNkYjA1ZGMwM2Nj>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 23/07/2025 8:32:36



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 29436
Data envío: 23/07/2025 08:32:36.551

CSV: BOPGDSPG-HMQErfnb-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 4031**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta e dona Lara Méndez López, sobre **"o traballo desenvolvido polo Goberno galego para materializar as recomendacións do Parlamento de Galicia relativas á elaboración de plans de ordenación dos recursos forestais e as valoracións sobre a importancia desta planificación para o desenvolvemento do sector da madeira e a protección contra os lumes"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"O Goberno galego está a dar pasos para a elaboración dos Plans de Ordenación dos Recursos Forestais (PORF) a través dunha normativa autonómica que establece que a Administración forestal é a encargada de desenvolver estes plans como instrumentos clave de planificación forestal. Esta normativa pretende proporcionar un marco regulador e operativo para a xestión dos recursos forestais en Galicia, asegurando a súa conservación e aproveitamento sustentable.

Para garantir a calidade e a eficacia dos PORF, determináronse unha serie de requisitos mínimos que estes deben cumprir. Entre estes requisitos inclúese a delimitación precisa do ámbito territorial de cada plan, a caracterización detallada do medio físico e biolóxico, e a avaliación das características socioeconómicas das áreas involucradas. Ademais, cada PORF deberá incluír unha análise detallada dos montes e os seus recursos, así como aspectos xurídico-administrativos relacionados coa propiedade forestal. Tamén se especifican boas prácticas e modelos silvícolas orientativos, a zonificación por usos e vocación do territorio, a planificación das accións necesarias e os criterios básicos para o control e a avaliación das accións emprendidas.

O Goberno galego considera que a planificación é unha tarefa vital para a loita contra os lumes. Isto derivase da importancia que se dá aos instrumentos de planificación forestal, como se menciona na lei de montes. Ademais, enfatízase que a ordenación dos montes inclúe a organización no tempo e no espazo dos recursos forestais, o que implica unha xestión sustentable que tamén prevé a prevención de incendios. Esta planificación integral asegura unha mellor preparación e resposta aos lumes forestais, contribuíndo así á súa prevención e control.

Asemade, todo isto complementábase co contido do Plan Preventivo incluído no PLADIGA e os plans preventivos municipais que tiveron un desenvolvemento moi notable dende o ano 2017, a través do Convenio de colaboración entre a FEGAMP, SEAGA e a Consellería do Medio Rural, que permitiu a elaboración de preto de 300 plans preventivos municipais.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



A planificación forestal tamén é esencial para o desenvolvemento do sector da madeira. A lei de montes subliña que o Plan forestal de Galicia é o instrumento estratéxico para o deseño e a execución da política forestal galega. Este plan establece directrices e programas de actuación que inclúen a mellora da produción forestal e a demanda da industria forestal. Ademais, a ordenación dos montes, ten como finalidade a conservación, mellora e protección dos recursos forestais, incluíndo o rendemento sustentable e a máxima obtención de utilidades. Isto implica a organización técnica dos recursos para asegurar a súa explotación sostible, beneficiando directamente ao sector da madeira. Os instrumentos de ordenación e xestión forestal, como o proxecto de ordenación, o documento simple de xestión e os modelos silvícolas orientativos, aseguran que a explotación dos recursos forestais se realice de maneira organizada e sustentable, fomentando así o desenvolvemento do sector da madeira en Galicia.

O goberno da xunta fixo un esforzo importante nos últimos anos. Así, segundo o Anuario de estatística forestal de Galicia do ano 2018 unha superficie de algo máis de 233.000 hectáreas de monte contaba nese con instrumentos de ordenación ou xestión forestal.

A seguinte táboa amosa os datos do Rexistro de Montes Ordenados ao remate do 2023:

Ordenación forestal (31/12/2023)	
	Año 2023
Rexistro de montes ordenados	
Nº de instrumentos de ordenación e xestión forestal	117.869
Nº de proxectos de ordenación (PO)	1.502
Nº de documentos simples de xestión	72
Nº de documentos compartidos de xestión	2
Nº de adhesións boas prácticas e modelos silvícolas/xestión forestal	116.293
Superficie instrumentos de ordenación e xestión forestal	573.016,90 ha
Superficie proxectos de ordenación (PO)	487.697,9 ha
Superficie documentos simples de xestión	1.301,48 ha
Superficie documentos compartidos de xestión	31,84 ha
Superficie adhesión boas prácticas e modelos silvícolas/xestión forestal	83.985,71 ha
Nº referencias catastrais en montes con adhesión boas prácticas e modelos silvícolas e de xestión forestal	187.178
Nº medio de referencias catastrais por adhesión	1,63
Superficie media por adhesión	0,66 ha

(datos estadísticos pendentes de consolidación)

Como se pode observar, no 31/12/2023 acadáronse as 573.016,9 ha de superficie forestal que conta con instrumentos de ordenación e xestión forestal.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.


Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



A seguinte gráfica amosa a evolución entre os anos 2020 e 2023, a situación evolucionou, grazas, entre outros motivos, ás ordes de axudas aprobadas:



Entre os indicadores da Primeira revisión Plan Forestal de Galicia 2021-2040, "Cara a neutralidade carbónica" se contempla entre outros para o citado Eixo VI- Planificación, ordenación e gobernanza un incremento quinquenal da superficie ordenada de 150.000ha, que suporía unha superficie forestal ordenada de 380.000ha ao remate do quinquenio 2021-2025.

O Goberno galego ten previsto elaborar os PORF durante o período comprendido entre 2026 e 2030, unha vez, e segundo o exposto no Plan Forestal de Galicia, se teñan elaborados e convalidados os datos do Inventario Forestal Continuo de Galicia así como os correspondentes mapas forestais. Esta programación temporal permite unha cobertura integral e organizada do territorio galego, asegurando que todos os distritos dispoñan dun plan adecuado para a xestión dos seus recursos forestais. Para garantir a eficacia destes plans, establecerase un proxecto piloto que definirá un plan tipo de referencia. Ademais, os distritos forestais clasificaranse en tres categorías principais: o Eixo Atlántico, as comarcas do interior de Galicia e as zonas de montaña das Serras Orientais de Lugo e Ourense. Esta clasificación ten en conta as características específicas de cada área, facilitando a implementación de medidas adaptadas ás súas necesidades particulares".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 23/07/2025 8:32:29



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 29435
Data envío: 23/07/2025 08:32:30.398

CSV: BOPGDSPG-HMQErfnb-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 11867**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández, don Brais Ruanova Vilas-Boas e don Iago Suárez Fernández, sobre **"as medidas que pensa adoptar a Xunta de Galicia orientadas a desenvolver unha política integral de I+D"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia na comparecencia con número 20313 debatida o 25 de Febreiro de 2025; á que nos remitimos porque ofrece información sobre as cuestións formuladas.

O debate pode ser consultado na seguinte ligazón:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MzQ4YzM0ZTEtZDQxOS00MjBhLTljZDctNzYyZDI3Mjc1ZTEw&start=3249.583>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 23/07/2025 8:39:49



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 29459
Data envío: 23/07/2025 08:39:49.922

CSV: BOPGDSPG-HMQErfnb-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 13068**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Ariadna Fernández González e don Luis Bará Torres, sobre **"as previsións que ten a Xunta de Galicia ante unha eventual reparación das vías de servizo da estrada PO-533 entre Lalín e o alto do Faro"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta ten acometido varias actuacións de mellora e pavimentación na estrada PO-533, que conecta Lalín con Alto do Faro e vertebra o concello de Rodeiro. Estas intervencións supuxeron unha mellora progresiva do estado do firme, unha renovación da sinalización e unha actualización das condicións de seguridade viaria. En conxunto, suman máis de 4,8 millóns de euros investidos neste eixo estratéxico.

A estrada PO-533 non só ten sido obxecto de mantemento ordinario, senón tamén de melloras estruturais recorrentes, cun compromiso continuado por parte da Xunta para garantir unha mobilidade segura, eficiente e moderna. Rodeiro conta hoxe cun dos tramos máis coidados deste corredor grazas a unha política sostida de investimento e renovación.

As últimas actuacións foron:

A mellora puntual do firme en 2020.

A rehabilitación da travesía en 2015.

E as grandes obras de reforzo e seguridade executadas ata 2012.

A AXI ten previsto iniciar en breve a revisión do estado do firme da PO-533, co obxectivo de planificar a campaña de mellora de firmes de 2026. Ademais, deuse indicación de que se revisase tamén o estado dos camiños de servizo, de cara a incluílos nun proxecto de reforzo de firme a redactar xa neste mesmo ano.

En paralelo, cómpre lembrar que a A-72, autovía de competencia estatal chamada a conectar Monforte con Lalín como prolongación da A-76 (Ponferrada–Ourense), contempla o aproveitamento parcial do trazado actual da PO-533.

Porén, non hai indicios de que o Goberno do Estado teña intención de activar esta infraestrutura a curto prazo, do mesmo xeito que a A-76 tampouco presenta avances significativos".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/07/2025 14:46:39



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 28523
Data envío: 14/07/2025 14:46:40.128

CSV: BOPGDSPG-HMQErfnb-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 15208**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Daniel Pérez López e dona Cristina Fernández Davila, sobre **"as condicións do CEIP Bergantiños, de Carballo, no que atinxe á súa dotación de docentes e orientadores para atender o alumnado con necesidades especiais, así como á integración do alumnado sen competencia en lingua galega ou castelá"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 17051 e debatida no Pleno do Parlamento, 12 de febreiro de 2025; á que nos remitimos porque ofrece información sobre as cuestións formuladas.

O debate pode ser consultado na seguinte ligazón:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NzUwZDJjOTUtNjY5Yi00M2I5LWEzZDctNmEzNzU4YTlkYzg5&start=3084>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 23/07/2025 8:42:44



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 29479
Data envío: 23/07/2025 08:42:45,337

CSV: BOPGDSPG-HMQErfnb-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 8201**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Paulo Ríos Santomé e outros deputados e deputadas, sobre **"a mellora dos horarios na liña XG623 de transporte por estrada entre Lugo, Ourense e Vigo, concretamente no traxecto Ourense-Lugo"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia fai unha aposta polo transporte público como principal alternativa de mobilidade ao coche particular. As liñas estratéxicas desta aposta atópanse recollidas no Plan de Transporte Público de Galicia, que logo da súa implantación en 2020, supuxo unha reformulación integral do transporte por autobús na comunidade, adaptándoo ás necesidades da cidadanía.

No caso da conexión entre Ourense e Lugo, a oferta de servizos inclúe oito expedicións diarias, catro en cada sentido. Fóra da oferta incluída no PTPG, tamén existen outras alternativas de mobilidade sostible entre estas dúas cidades, como a recentemente modernizada liña de tren, que complementa a rede pública de autobuses e que precisa unha planificación acorde á mobilidade entre ambas localidades. Neste sentido, a Xunta de Galicia revisa constantemente a oferta de horarios e trazados para adaptala ás necesidades da cidadanía e apostando pola intermodalidade.

Desde o 6 de maio de 2024, a Xunta optimizou os horarios de dous servizos de autobús entre Ourense e Lugo para axustalos ás necesidades de usuarios recurrentes. O traxecto de ida agora sae de Ourense ás 5,50 horas durante a tempada de inverno, mentres que no verán mantense o horario de saída anterior das 6,15.

Estes cambios atenden a petición das persoas que se desprazan diariamente aos seus postos de traballo. Deste xeito, estes horarios adáptanse con máis precisión á xornada laboral dos viaxeiros recurrentes.

É a visión desta administración que a configuración dos novos horarios permiten o uso do servizo de transporte público por un número de maior de persoas".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 11:52:13
Nº Rexistro: 28936
Data envío: 17/07/2025 11:52:13.251

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 17/07/2025 11:52:12



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2025 11:52:13
Nº Rexistro: 28936
Data envío: 17/07/2025 11:52:13.251

CSV: BOPGDSPG-HMQErfnb-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 8400**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Secundino Fernández Fernández, dona Sonia Vidal Lamas e dona Ariadna Fernández González, sobre **"as medidas previstas pola Xunta de Galicia ante a eventual expansión en Galicia do virus da febre hemorráxica Crimea-Congo (FHCC)"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"En Galicia dende o ano 2017 realízase a vixilancia entomolóxica de dípteros (mosquitos) transmisores de enfermidades humanas e animais a través da Rede Galega de Vixilancia de Vectores (REGAVIVEC), e concretamente coa vixilancia de carrachas se comezou no ano 2018.

Para transmitir as enfermidades é preciso que se cumplan unha serie de condicións: axente infeccioso, vector competente, hóspede susceptible (humano ou animal) sempre baixo unhas condicións ambientais adecuadas, polo que o simple illamento dun axente infeccioso nunha carracha non o converte nun vector real, e que para coñecer a circulación dos patóxenos é preciso ter coñecemento da distribución e períodos de actividade das carrachas que actúan como vectores. Para iso, realízanse estudos de seroprevalencia en persoas ou animais.

Aínda que en Galicia non se detectaron casos de febre hemorráxica Crimea-Congo (FHCC), en 2022 si se confirmaron dous casos no Bierzo, comarca leonesa que limita coa provincia de Ourense. Ante a proximidade xeográfica e a posibilidade de que circulase o virus en Galicia, fixéronse as seguintes actuacións: búsqueda do patóxeno nas carrachas do xénero *Hyalomma*, estudos de seroprevalencia de anticorpos fronte ao virus da FHCC en animais, aumento dos centros/organismos colaboradores na remisión de carrachas para a súa posterior identificación e a capacitación dos profesionais sanitarios e de saúde pública.

